

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS NENOS ONCOLÓXICOS DE GALICIA (ASANOG), PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS DE ASANOG INTEGRADOS NO PROGRAMA "MEU BEN"

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

REUNIDOS

DUNHA PARTE: D. Jesús Vázquez Almuiña, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DOUTRA PARTE: D. Gonzalo Autran Castel, maior de idade con NIF 12.364.707-E, en calidade de presidente da Asociación de Axuda aos Nenos Oncolóxicos de Galicia (en diante ASANOG ou a Asociación), con CIF G70349360, actuando como representante legal da mesma, de acordo o artigo 26 de seus estatutos.

EXPOÑEMOS

1. De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro do Servizo Galego de Saúde, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, establece a súa estrutura orgánica determinando que ten as funcións de exercer o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos. En particular, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é o órgano responsable de impulsar os programas e actuacións sanitarias e sociosanitarias.

2. Que ASANOG é unha asociación constituída no ano 2012 con fins e obxectivos exclusivos benéficos, sociais e sen ánimo de lucro. De acordo cos seus estatutos son obxectivos da Asociación:

- Contribuír ao mellor estado dos nenos oncolóxicos e os seus familiares tanto no aspecto médico como psicolóxico, asistencial, laboral, económico, etc...
- Fomentar e desenvolver cantos medios sexan posibles para conseguir que os menores e a xuventude enferma de cancro tratada na Comunidade Autónoma de Galicia teña as mellores oportunidades de diagnóstico, tratamento e curación, coa máxima calidade de vida para ela e súas familias.
- Traballar para que o desenvolvemento afectivo e educativo dos nenos/as e os seus familiares sexa o máis adecuado ás súas especiais circunstancias.
- Colaborar ao mellor coñecemento destas enfermidades e os seus tratamentos.
- Fomentar a investigación dos problemas que suscitan as enfermidades oncolóxicas nos seus aspectos socio-económicos, así como o seu tratamento.
- Fomentar a formación de profesionais de oncoloxía pediátrica, así como de calquera outra profesión que incida na atención multidisciplinar do neno/a oncolóxico e súa familia.

3. Que un dos catro eixes da Estratexia SERGAS 2020 é a atención integral adaptada ás necesidades dos usuarios, pacientes, familiares e coidadores. Entre as principais liñas que desenvolven atópase:

- Desenvolver intervencións de promoción da saúde e prevención da enfermidade cunha visión integral.
- Avanzar no empoderamento dos doentes.

4. Con tal fin, ambas entidades propoñen desenvolver os proxectos que integran o programa “Meu Ben” de ASANOG baixo o obxectivo prioritario de que ningún neno/a, nin a súa familia teña que afrontar un tratamento oncolóxico, sen o mellor apoio psicosocial posible. O programa figura como ANEXO I deste Convenio.

Por todo isto, sendo concorrente o interese das dúas partes, resulta conveniente a colaboración entre ambas, polo que acordan outorgar o presente acordo de colaboración sobre as bases seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO: O obxecto do presente Convenio é regular as condicións polas que se rexerá a

colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Axuda aos Nenos Oncolóxicos de Galicia (ASANOG), para o desenvolvemento dos proxectos integrantes do programa “Meu ben”, no ámbito dos departamentos de Onco-hematoloxía pediátrica dos centros públicos do Servizo Galego de Saúde.

SEGUNDA.- ÁMBITO ESPACIAL DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO: En cumprimento do citado acordo, no ámbito espacial a que se refire a cláusula precedente, o Servizo Galego de Saúde permitirá ao persoal da Asociación o desenvolvemento das actividades que integran os proxectos do programa “Meu Ben” no que, entre outros, figura como obxectivo prioritario que ningún neno ou nena, nin a súa familia, teña que afrontar un tratamento oncolóxico sen o mellor apoio psicosocial posible.

TERCEIRA.- PERSOAS BENEFICIARIAS: Serán destinatarios das actuacións do programa de referencia, de forma particular e non excluínte, os nenos/as oncolóxicos tratados nos servizos de Pediatría do Servizo Galego de Saúde, na súa condición de pacientes con enfermidades de media e larga duración. De forma xeral, serán destinatarios os nenos/as e xuventude con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, con enfermidades oncolóxicas hospitalizados nos servizos de Pediatría.

CUARTA.- OBRIGACIÓNS DAS PARTES:

A Asociación comprométese a que:

- O persoal contratado e empregado pola Asociación, para o desenvolvemento das accións integrantes dos proxectos do programa “Meu Ben”, realice o seu traballo conforme ao horario e calendario supeditado ás necesidades das familias, ás instrucións dos responsables dos servizos de pediatría e á dispoñibilidade horaria do espazo adecuado ás actividades planificadas. Preténdese, en todo caso, un horario flexible ás necesidades de cada momento e susceptible de adaptación continua en función das necesidades dos pacientes.
- O desenvolvemento dos proxectos que integran o programa “MEU BEN” realízanse con respecto ás normas organizativas dos centros e sen alterar o seu réxime de funcionamento ordinario.
- Poderase acordar a substitución dun traballador por motivos persoais, laborais ou doutra índole, notificando o feito ao Servizo Galego de Saúde.
- A subscrición do presente convenio non establece relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o Servizo Galego de Saúde e o persoal de ASANOG que realicen as actividades obxecto deste.

-Os datos persoais dos/das traballadores/as (nome e apelido e teléfono), así como a formación requirida para desempeñar as funcións asignadas, estarán a disposición do Servizo Galego de Saúde, sen que este acceso implique cesión dos ditos datos.

-Ademais das obrigacións correspondentes en materia de Seguridade Social, os posibles riscos dimanantes do desenvolvemento da actividade dos/as traballadores/as, estará cuberto mediante a contratación e abono por parte de ASANOG da oportuna póliza de seguros de accidentes e responsabilidades civís que se puideran derivar das actividades realizadas polo persoal.

-O traballo do persoal contratado e empregado por ASANOG, está suxeito ao principio de confidencialidade. Neste senso, as partes obríganse a cumprir, e facer cumprir ao persoal contratado e empregado por ASANOG, todo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento, en relación aos datos persoais aos que teñan acceso durante a vixencia do Convenio. As partes se obrigan a non utilizar os citados datos para fins distintos da execución do presente Convenio.

O Servizo Galego de Saúde comprométese a:

-Facilitar a realización das actividades integrantes dos proxectos do programa “Meu Ben” para os pacientes oncolóxicos e os seus familiares.

-Facilitar cando se precise o espazo necesario para a realización desas actividades, con petición previa.

-Facilitar a difusión das actividades dentro do hospital a través de folletos e cartelería, proporcionada pola Asociación, nos lugares máis visibles para os usuarios

-O Servizo Galego de Saúde unicamente tratará os datos que lle facilite ASANOG conforme ás instrucións desta asociación e non os aplicarán ou utilizarán cun fin distinto ao do presente Convenio, nin os comunicarán, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.

QUINTA.- FINANCIACIÓN: Os proxectos desenvoltos serán financiados integramente con cargo aos fondos de ASANOG sen que implique compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde, por este motivo non é preciso a consignación orzamentaria.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.- Ao obxecto de velar polo cumprimento xeral das cláusulas do presente Convenio e coordinar as accións previstas, crearase unha Comisión Mixta entre a Asociación e o Servizo Galego de Saúde, integrada:

Por parte da Asociación:

A persoa que ostente o cargo de Presidente/a de ASANOG, ou quen o/a substitúa.

A persoa que ostente o cargo Secretario/a de ASANOG, ou quen o/a substitúa.

A persoa que ostente o cargo de Tesoureira/o ASANOG, ou quen a/o substitúa.

Por parte do Servizo Galego de Saúde:

A persoa que ostente o cargo de Subdirector/a Xeral de Avaliación Asistencial e Garantías, ou quen o/a substitúa.

A persoa que ostente o cargo de Subdirector/a Xeral de Planificación e Programación Asistencial, ou quen o/a substitúa.

O persoal que desenvolva funcións de Técnica/o da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, ou quen a/o substitúa.

Serán competencias xerais desta Comisión:

- A avaliación do desenvolvemento do presente Convenio.
- A preparación de sucesivos programas.
- O estudo e asesoramento respecto de cantas cuestións sexan sometidas á Comisión por calquera das partes.

Esta Comisión reunirase unha vez o ano e nas circunstancias excepcionais que así o aconsellen.

SÉTIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO: O prazo de vixencia deste convenio será de tres anos a contar dende o día da súa sinatura. Non obstante, o convenio pode prorrogarse por mutuo acordo entre as partes con suxeición ao establecido no artigo 49. 1 h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN: Son causas de resolución do presente acordo:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes, que será adoptado cunha antelación mínima dun mes á prevista para a finalización da súa vixencia ou prórroga.
- c) O transcurso do tempo estipulado de duración do mesmo.

NOVENA.- NATUREZA XURÍDICA: Este acordo ten natureza de convenio de colaboración, quedando excluído da aplicación da lexislación dos contratos administrativos, a tenor do disposto no artigo 4.1.d) do Real

decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

DÉCIMA.- CUESTIÓN LITIXIOSAS: Este acordo ten natureza administrativa. As dúbidas que poden xurdir sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

UNDÉCIMA.- REXISTRO DE CONVENIOS TRANSPARENCIA E BO GOBERNO: A sinatura deste Convenio de Colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervintes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente Convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

O PRESIDENTE DE ASANOG

Jesús Vázquez Almuiña

Gonzalo Autran Castel

ANEXO I